

Excelentísimo Sr.

As persoas, debidamente identificadas, que se relacionan no documento “Anexo 1” adxunto ao presente escrito,

Expoñen:

- Que son colaboradores activos das iniciativas que o movemento cidadán “**Indígnate Pontevedra**” – nado baixo o eido ideolóxico de “Democracia Real YA” – leva desenvolvendo, dende hai máis dun mes, en diversos emprazamentos da cidade.
- Que, dende os seus inicios, se estableceron como *Acampada de Traballo e Punto Fixo de Información*, na Alameda da rúa Gran Vía Montero Ríos, empregando ademáis a Prazas da Peregrina e a Praza de España, como foro público onde levar a cabo as Asambleas cidadás.
- Que son conscientes do impacto social e a sensibilidade que o seu emprazamento espertou entre un importante sector da cidadanía, o cal se volcou directa e indirectamente, tanto coas iniciativas como cos aspectos puramente loxísticos e de abastecemento.
- Que do mesmo xeito, son tamén conscientes da proximidade das diversas feiras e festas que ao longo do verán se celebrarán na cidade en xeral, en na zona da Acampada en particular.

- Que non é intención dos membros deste movemento, dificultar o exercicio do lexítimo dereito dos cidadáns a disfrutar das citadas festividades, mais tampouco deben nin queren, renunciar á continuidade das súas actividades.
- Que, como consecuencia de todo o anterior, xurde a necesidade de dispoñer dun espazo que permita desenvolver a organización das iniciativas que do Movemento se derivan, así como gardar o material que para elo se precisa.
- Que, atendendo ao anteriormente exposto:

Solicitan:

- A asignación dun local público no que reunirse e traballar, en favor das iniciativas que o colectivo **“Indígnate Pontevedra”** quere continuar desenvolvendo.
- A disposición dun Punto Fixo de Información, así como a autorización para o seu mantemento nun lugar axeitado para o desempeño da súa función, como son a difusión de Información e a resolución de dudas e consultas que dende a cidadanía sen están facendo chegar.
- Unha entrevista entre a autoridade competente, o Alcalde – Presidente do Concello de Pontevedra, xunto cos membros da Corporación que estime oportuno, e una representación dos firmantes do presente documento, para a exposición de motivos, consulta de dúbidas e toma de decisións comúns aos aspectos referidos.

Sen outro particular, saúdanlle atentamente:

Excelentísimo Sr. Alcalde – Presidente do Concello.
PONTEVEDRA

Anexo 1

DATOS PERSOAIS			SINATURA
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	
Nome e apelidos:		NIF:	
Enderezo:			
Lolalidade:	C.P.:	Provincia:	